

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE OBRA, COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

O Pleno do Concello de Meis, en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de 2015, acordou a modificación e aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas de obra e pola intervención municipal no réxime de comunicacións previas / declaracións responsables e por outros servizos urbanísticos.

Transcorrido o prazo de exposición ao público (BOP nº 237 de 9 de decembro de 2015), sen presentación de reclamacións, procédese a publicar o texto da Ordenanza fiscal co seguinte teor literal:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE OBRA E POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO RÉXIME DE COMUNICACIÓNS PREVIAS / DECLARACIÓNS RESPONSABLES E POR OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS.

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto cos artigos 15 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais; o Concello de Meis establece a taxa por licenzas de obra e pola intervención municipal no réxime de comunicacións previas / declaracións responsables e por outros servizos urbanísticos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa:

1. A prestación dos servizos técnicos e administrativos xerados pola presentación de comunicación previa ou declaración responsable ou pola tramitación de licenzas urbanísticas.



2. A realización das actividades de control nos supostos nos que a esixencia da licenza fose substituída pola presentación de comunicación previa ou declaración responsable.
3. A prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para a emisión de informes e certificacións urbanísticas.
4. A prestación dos servizos administrativos necesarios para a emisión de certificacións catastrais.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.
2. En todo caso, terán a consideración de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

BASE IMPOÑIBLE

a) Licenzas de obra e proxectos de urbanización:

1-Constitúe a base imponible o custo do servizo afectado pola realización da actividade técnico administrativa de tramitación do expediente.

b) Comunicación previa ou declaración responsable:

1-Constitúe a base imponible o custo do servizo afectado pola realización da actividade técnico administrativa de tramitación do expediente.

c) Licenza de primeira ocupación:

O custo do servizo afectado pola realización da actividade de comprobación de que as novas construcións reúnan os requisitos esixidos nas Ordenanzas Municipais e Plans de Urbanismo así como as condicións das vivendas. A licenza



de primeira ocupación concederáse ao edificio ou vivenda unifamiliar consonte a licenza urbanística obtida, esixírase ademais no suposto de modificacións do uso, e a súa expedición non presupón a imposibilidade de posteriores comprobacións do mantemento do estado de habitabilidade das vivendas.

d) Segregacións, parcelacións e regularizacións:

O custo do servizo afectado pola actividade técnica e administrativa a desenvolver cara o outorgamento de licenza de segregación, parcelación ou regularización.

e) Declaración de ruína:

O custo do servizo afectado pola actividade desenvolvida a partir da solicitude de declaración de ruína dunha edificación liquidarase por expediente, segundo o solo onde se atope ubicada a edificación cuxa declaración ruínosa se inste.

e) Dictame dos técnicos municipais:

O custo do servizo afectado polas solicitudes de recoñecemento do estado de inmobles particulares xa sexa sobre as condicións de seguridade ou legalidade asimílanse ás informacións urbanísticas.

f) Cédulas urbanísticas:

O custo do servizo afectado polas solicitudes de condicións ou información urbanística liquidarase por solicitude ou expediente.

g) Certificacións catastrais:

O custo do servizo afectado polas solicitudes de certificacións expedidas dende o Concello a través do "Punto de información catastral".

COTA TRIBUTARIA:

A cota tributaria será o resultado da aplicación das cantidades sinaladas no ANEXO.

ARTIGO 6º.—EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta taxa, que non veña establecida en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

ARTIGO 7º.—DEVENGO

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos entenderase iniciada a actividade na data de presentación no rexistro xeral da solicitude de licenza, da formulación da declaración responsable, comunicación previa, ou coa solicitude de informe, certificación urbanística ou certificación catastral, no seu caso, se o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.



2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter obtido a oportuna licenza, nin presentar no seu caso, declaración responsable ou comunicación previa, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal de inspección, verificación e/ou informe, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.
3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

ARTIGO 8º.—XESTIÓN

1. As persoas interesadas na obtención da licenza de obras presentarán no rexistro xeral, a oportuna solicitude, achegando o proxecto visado polo Colexio oficial respectivo, no seu caso, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que conste o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio e o cuestionario de estadística de edificación.
2. Nos supostos de comunicación previa ou declaración responsable, acompañarase da documentación esixible en aplicación da ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención municipal de desenvolvemento de actividades e realización de obras sometidos ao réxime de comunicación previa ou declaración responsable e demais normativa aplicable.

ARTIGO 9º.- LIQUIDACIÓN, INGRESO E DEVOLUCIÓN.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, en calidade de depósito previo, debendo achegarse a documentación acreditativa do ingreso xunto coa correspondente solicitude de tramitación de expediente de licenza, comunicación previa, declaración responsable ou comunicación da transmisión.
2. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo substituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pago e nos prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.
3. Procederase á devolución do 100% nos supostos de desistimentos documentais e expresos do interesado, anteriores á realización polo Concello de algunha actuación conducente ao outorgamento da licenza ou á verificación das condicións necesarias en cada caso concreto. Cando o desistimento fose presentado despois de que os servizos técnicos do Concello iniciasen as actividades de inspección, verificación e/ou informe non procederá devolución do importe da taxa. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do servizo con competencias urbanísticas.



ARTIGO 10º.—INFRACCIONS E SANCIONS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que coas mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer a partir de dita data, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

ANEXO

A cota tributaria calcularase aplicando as porcentaxes e cantidades que a continuación se sinalan segundo o feito imponible de que se trate:

I)

a) Vivendas unifamiliares	600,00 €
b) Vivendas en edificacións plurifamiliares	300,00 €/vivenda
c) Edificacións ou obras relativas a outros usos:	1 €/m ²
- Edificacións industriais, edificacións comerciais, adegas, equipamentos, locais, hoteis, oficinas.	
d) Outras construcións ou obras diferentes ás do grupo a), b) e c):	
-Obras de presuposto inferior a 1.000,00 €	20,00 €
-Obras de presuposto entre 1.001 € e a 2.000,00 €	30,00 €
-Obras de presuposto entre 2.001 € e a 3.000,00 €	40,00 €
-Obras de presuposto entre 3.001,00 € e 7.000,00 €	60,00 €
-Obras de presuposto entre 7.001,00 € e 15.000,00 €	120,00 €
-Obras de presuposto entre 15.001,00 € e 30.000,00 €	250,00 €
-Obras de presuposto entre 30.001,00 € e 60.000,00 €	400,00 €
-Obras de presuposto superior a 60.001,00 €	600,00 €

(Non procederá liquidación de taxa por obras de conexións a redes de sumidoiros ou abastecemento de auga).

O orzamento presentado deberá ser conformado pola oficina técnica, prevalendo este último criterio.



II) Proxectos de urbanización:	1.000,00 €
III) Licenzas de primeira ocupación	
a) Vivendas unifamiliares	200,00 €
b) Vivendas en edificacións plurifamiliares	100,00 €/vivenda
IV) Segregacións, parcelacións e regularizacións (por parcela segregada ou regularizada)	50,00 €
V) Declaración de ruína	
a) No solo urbano	600,00 €
b) No resto do termo municipal	400,00 €
VI) Por expedición de informes urbanísticos	40,00 €
Por certificados urbanísticos	60,00 €
VII) Por certificacións expedidas dende o Concello polo Punto de Información Catastral:	
a) Por certificación catastrais literais, 3 € por cada documento expedido, que se incrementará en 3 € por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento.	
b) Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou a unha parcela rústica, a contía será de 10 € por documento expedido.	
c) As certificacións negativas de bens non devengarán taxa ningunha	

Meis, a 25 de xaneiro de 2016.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez.

